



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**MÁSTER OFICIAL
ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS**

Arte Medieval Europea

David Chao Castro (coordinador)

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2021/2022**



Profeta Isaías. Igrexa abacial de Souillac

FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
AUTOR: David Chao Castro.

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, grabación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: **ARTE MEDIEVAL EUROPEA (P5091103)**.
- Tipo de materia: obligatoria.
- Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS (150 h.)
 - 48 h. presenciais: 18 horas expositivas + 24 horas interactivas + 6 horas de titorías.
 - 102 h. non presenciais.
- Cuatrimestre: 1º.
- Pre-requisitos recomendados: O Máster en xeral e a materia en particular que se expón están primordialmente orientados a estudiantes que procedan das titulacións de Historia, Historia da Arte e Filoloxía. De todos os xeitos, tanto a súa estrutura curricular como o feito de que sexa unha oferta única no SUG pode determinar que nel se matriculen graduados doutras titulacións do campo das Humanidades ou as Ciencias Sociais que desexen completar a súa formación investigadora nos estudos medievais (p. ex., Maxisterio, Ciencias da Información, Turismo, Biblioteconomía e Documentación, Filosofía, etc.).

Capacidade de ler nalgúnha lingua estranxeira de uso común na produción científica do ámbito dos estudos medievais.

- Profesores que a imparten (especifícase lugar e horario de titorías):
DR. DAVID CHAO CASTRO (Área de coñecemento: Historia da Arte). Despacho 405 do Edificio de Mazarelos / Ext.: 12595 / david.chao@usc.es / Titorías: luns e mércores, de 10:00 a 11:00 h e de 11:45 a 13:45 h.
- Lingua(s) en que se imparte: galego e castelán; algunha lectura poderá ser realizada en inglés e francés.
- Páxina web recomendada: www.usc.es/filrom/masteres.htm

- Calendario e horario detallado de clases:
Presentación da materia: Luns 6 de setembro, ás 16:00 h..
Profesor David Chao Castro: días 6, 7, 8, 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28, 29 de setembro; 4, 5, 6, 11, 13, 18, 19, 20, 25 de outubro (todos os días de 18:30-20:30 h.).
As clases impartiranse na **Facultade de Xeografía e Historia**, nas aulas 6 e 3.

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

A realidade histórica medieval ofrece un amplio abano de referentes materiais para o seu estudo. O Máster Oficial en Estudos Medievais Europeos. *Imaxes, textos e contextos* parte de análises e estudos poliédricos que teñen coma obxectivo ofrecer ao alumnado un achegamento crítico a un pasado que debe ser abordado conforme a unhas pautas óptimas, asegurando así os mellores resultados cognoscitivos.

A materia *Arte Medieval Europea*, de carácter obligatorio, plantéxase coma unha introdución ao estudo das manifestacións artísticas máis destacadas que legou o Medievo. Nesta introspección ofrecerense ao alumnado un achegamento ó fenómeno artístico a través de dúas vías complementarias: a abordaxe da arte medieval a través da súa evolución histórica, e o seu exame conforme á revisión do patrimonio artístico vencellado.

A consecución dos resultados previstos garantirá ao alumnado –especialmente ao que carece de coñecementos profundos sobre o tema artístico medieval por proceder doutros estudos diferentes ós de Historia da Arte- a obtención dos necesarios recursos de análise das obras de arte medieval, de xeito que tanto no resto de materias do Máster coma nun futuro poidan dispoñer dos mesmos á hora de realizar os seus respectivos proxectos de investigación.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- Ofrecer unha visión plural e integradora da arte e a cultura europeas medievais nas súas diversas manifestacións.
- Capacitar aos estudiantes para establecer relacóns recíprocas entre os principais eixos que configuran a materia: histórico, artístico e literario (cultural en xeral).
- Capacitar aos alumnos para que adquieran un coñecemento exhaustivo das liñas de investigación e das propostas críticas más relevantes no ámbito dos estudos medievais sobre arte e cultura.
- Proporcionar aos estudiantes os fundamentos metodolóxicos e críticos que lles permitan acceder ao exercicio da actividade investigadora cunha formación versátil e interdisciplinar.
- Capacitar ao alumnado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos medievais, así como indicar a súa utilidade na práctica investigadora e na divulgación do patrimonio cultural.
- Dotar aos estudiantes das destrezas fundamentais para aproveitar e aplicar os coñecementos adquiridos á correcta interpretación e difusión do legado cultural medieval.
- Capacitar aos estudiantes para abrir vías de investigación novas no ámbito dos estudos medievais sobre arte e cultura.
- Facer posible que os estudiantes cos seus traballos de investigación contribúan ao desenvolvemento cultural europeo a través da interpretación crítica e a correcta transmisión do patrimonio cultural medieval nas súas diversas manifestacións.
- Contribuír ao desenvolvemento cultural de Galicia mediante a correcta valorización, interpretación e contextualización do legado medieval que posúe.

4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

PARTE A.- A ARTE MEDIEVAL NA SÚA EVOLUCIÓN

Prof. David Chao Castro

Clases expositivas:

Tema 1. O cristianismo e as súas primeiras manifestacións artísticas. Das catacumbas ás basílicas. A fixación da iconografía cristiana.

Tema 2. O Imperio Bizantino. Evolución arquitectónica. A Iconoclastia e a súa consecuencia nas artes figurativas.

Tema 3. As invasións bárbaras. Asentamento dos principais pobos godos –ostrogodos e visigodos- na Europa Occidental. Os merovinxios e os lombardos. Principais manifestacións da arquitectura e artes figurativas na Europa dos séculos V a IX.

Tema 4. O Islam e a expansión musulmana na Idade Media. Principais tipoloxías edilicias e recursos ornamentais. A arte en Al-Andalus.

Tema 5. A arte cristiá na Península Ibérica entre os séculos VIII e X: do período asturiano á arte do Século X.

Tema 6. Europa nos séculos XI e XII: a plenitude do Románico. Solucións arquitectónicas e materializacións edilicias. Mosteiros, igrexas e castelos.

Tema 7. Desenvolvemento das artes figurativas no Románico. Temas iconográficos na escultura e na pintura. A orfebrería e a miniatura.

Tema 8. Europa nos séculos XIII-XV: os tempos do Gótico. Os avances técnicos na arquitectura. As catedrais, os conventos, os pazos urbáns e os edificios civís. O urbanismo.

Tema 9. As artes figurativas no Gótico. Novos plantexamentos temáticos e compositivos. Evolución pictórica e escultórica. As artes decorativas.

Tema 10. A xestión do patrimonio medieval. Visións e retos.

Clases interactivas:

Clase 1. Os sarcófagos paleocristiáns: identificacións iconográficas e temáticas.

Clase 2. Os mosaicos de Santa María a Maior de Roma.

Clase 3. As grandes obras de Xustiniano: o promotor e a súa época.

Clase 4. Análise arquitectónica de San Pedro de Rocas e San Miguel de Celanova.

Clase 5. Iconografía e ornamentación na arte atlántica altomedieval.

Clase 6. As miniaturas dos beatos do século X.

Clase 7. De Saint-Gall a Cluny III.

Clase 8. As grandes portadas do románico europeo.

Clase 9. O panteón rexio de San Isidoro de León.

Clase 10. Dos mosteiros do Císter aos conventos mendicantes.

Clase 11. Giotto.

Clase 12. O góticu hispano do século XV.

5. BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- BARRAL I ALTET, X.: *La Alta Edad Media. De la Antigüedad al Año 1000*, Colonia, 1998 (en línea).
- FERNÁNDEZ ARENAS, J.: *Teoría y Metodología de la Historia del Arte*. Ed. Anthropos. Barcelona, 1990 (1^a: 1982).
- *Historia del Arte Medieval* (dir. J.V. García Mansilla; C. Mancho i Suárez; I. Ruiz de la Peña González), Valencia, 2012.
- *Historia del Arte de la Alta y Plena Edad Media* (Monteira Arias, I.; Vidal Álvarez, S.; Alegre Carvajal, E.; Vallejo Triano, A.), Madrid, Editorial Universitaria Ramón Areces-UNED, 2014 (en línea).
- LOPEZ TRUJILLO, M.A., *Patrimonio. La lucha por los bienes culturales españoles (1500-1939)*. Ediciones Trea, Asturias, 2006.
- PANOFSKY, E.: *Estudios sobre iconología* (1939), Trad.: Madrid, Alianza, 2008.
- PÄCHT, O.: *La miniatura medieval: una introducción*, Madrid, 1987 (Munich, 1984).
- PEÑA GÓMEZ, M^a del Pilar de la: *Manual básico de Historia del Arte* (en línea): [https://www3.unex.es/publicaciones/files/1562-Manual%20b%C3%A1sico%20de%20Historia%20del%20Arte%20\(2018\).pdf](https://www3.unex.es/publicaciones/files/1562-Manual%20b%C3%A1sico%20de%20Historia%20del%20Arte%20(2018).pdf).
- RAMÍREZ, J.A. (coord.): *La Edad Media* (vol. 2 de *Historia del Arte*), Madrid, Alianza Editorial, 1996.
- SEBASTIÁN, S.: *Mensaje simbólico del Arte Medieval. Arquitectura, Iconografía, Liturgia*, Madrid, 1994 (en línea).
- WALTER, I. F.: *Códices illustres. Los manuscritos iluminados más bellos del mundo, desde 400 hasta 1600*, Colonia, 2003.
- YARZA LUACES, J.: *La Edad Media*, Madrid, 1980.
- YARZA LUACES, J. (ed.): *La miniatura medieval en la Península Ibérica*, Murcia, 2007.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- ALEXANDER, J. J. G.: *Medieval illuminators and their methods of work*, New Haven, 1992.
- BANGO TORVISO, I.G.: *Arte prerrománico hispano: el arte en la España cristiana de los siglos VI al XI* (vol. VIII-II de *Summa Artis*), Madrid, 2001.
- CAMILLE, M.: *Arte gótico: visiones gloriosas*, Tres Cantos (Madrid), 2005.
- CASTRO FERNANDEZ, B.M^a : *D. Francisco Pons-Sorolla y Arnau, arquitecto-restaurador: sus intervenciones en Galicia (1945-1985)*. Tesis, Universidad de Santiago, 2006.
- DAVY, M.M.: *Iniciación a la simbología románica*, Madrid, 1996.
- DURLIAT, M.: *El arte románico*, Madrid, 1992.
- ESCOLAR, H. (dir.): *Historia ilustrada del libro español. Los manuscritos*, Madrid, 1993.
- FINGERNAGEL, A. (ed.): *Esplendor y lujo de las Biblia iluminadas*, Colonia, 2004.
- GARCIA CUETOS, M^a. P.: *El prerrománico asturiano, historia de la arquitectura y la restauración (1844-1976)*, Oviedo, Sueve, 1999.
- GRABAR, A.: *Las vías de creación de la iconografía cristiana*, Madrid, 1985.
- HARTHAN, J. P.: *L'âge d'or des livres d'heures*, París, 1977.
- HOURIHANE, C. (ed.): *Between the picture and the word: Manuscript Studies from the Index of Christian Art*, Princeton, 2005.
- MAYR-HARTING, H.: *Ottoman book illumination. An historical study*, Londres, 1999.
- MILONE, A.: *Medievo: 1000-1400: El arte europeo entre el Románico y el Gótico*, Barcelona, 2007.
- MORALEJO ÁLVAREZ, S.: *Formas elocuentes. Reflexiones sobre la teoría de la representación*, Madrid, Ed. Akal, 2004.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *Arquitectura prerrománica (Arte galego)*, Madrid, 1978.
- RIVERA BLANCO, J.: *Historia de las restauraciones de la Catedral de León: Pulra Leonina, la contradicción ensimismada*, Valladolid, Servicio de Publicaciones de la Universidad, 1993.
- SANDLER, L. F.: *Studies in manuscript illumination, 1200-1400*, Londres, 2008.

- SCHLOSSER, J.: *La literatura artística*, Madrid, Cátedra, 1993.
- SMEYERS, M.: *La miniature* (Typologie des sources du Moyen Âge occidental, 8), Turnhout, 1974.
- SPECIALE, L. (ed.): *Uomini, libri e immagini. Per una storia del libro illustrato dal tardoantico al medioevo*, Nápoles, 2000.
- STONES, A.: *Gothic manuscripts: 1260-1320*, Londres, 2013-2014.
- SUREDA, J.: *El despertar de Europa (El arte del románico y del gótico)*, Barcelona, 2006.
- *Turris Fortissima: documentos sobre la construcción, acrecentamiento y restauración de la Giralda*, Sevilla, Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos, 1988.
- VAN DER HORST, K. et al.: *The Utrecht Psalter in Medieval Art: Picturing the Psalms of David*, Londres, 1996.
- WILLIAMS, J.: *The Illustrated Beatus. A corpus of the illustrations of the Commentary on the Apocalypse*, Londres, 1994.
- WIRTH, J.: *L'image Medievale. Naissance et développements*, París, 1989.
- YARZA LUACES, J.: *Fuentes de la Historia del Arte*, Madrid, Historia 16, 1997.
- YZQUIERDO PERRÍN, R. / YZQUIERDO PERRÍN, R. e MANSO PORTO, C.: *Galicia. Arte Medieval (I) y (II)*, A Coruña, 1995.

RECURSOS EN REDE RECOMENDADOS:

<http://www.arsvirtual.com>
<http://www.architecture.relig.free.fr>
<http://www.retimedievali.it/>
<http://www.medievalart.org/index.html>
<http://www.enluminures.culture.fr>
<http://www.bne.es/es/Catalogos/>
<http://www.mcu.es/archivos/>
<http://www.arquivosdegalicia.org/web/>
<http://www.programacatedral.com/portico-de-la-gloria>
<http://www.catedralvitoria.com>

- Biblioteca Digital Hispánica (BNE):

<http://www.bne.es/es/Catalogos/BibliotecaDigitalHispanica/Inicio/index.html>

- Bibliothèque Virtuelle des Manuscrits Médiévaux (BVMM) (Institut de Recherche et d'Histoire des Textes):

<http://bvmm.irht.cnrs.fr/>

- Calendoscope (herramienta para la identificación de calendarios litúrgicos medievales):

<http://calendoscope.irht.cnrs.fr/>

- Catalogue of Illuminated Manuscripts, British Library:

<http://www.bl.uk/catalogues/illuminatedmanuscripts/welcome.htm>

- DigiVatLib. Biblioteca Digitale della Biblioteca Apostolica Vaticana:

<http://digi.vatlib.it/?ling=it>

- Exposición *Trésors carolingiens*:

<http://expositions.bnf.fr/carolingiens/>

- Gallica. Biblioteca digital de la Bibliothèque Nationale de France:

<http://gallica.bnf.fr/>

- Graesse, Orbis latinus (herramienta para la identificación de topónimos latinos):

<http://www.columbia.edu/acis/ets/Graesse/contents.html>

- Guía del *Stage d'initiation à l'étude du manuscrit médiéval et au livre humaniste* (Institut de Recherche et d'Histoire des Textes):

<http://www.irht.cnrs.fr/fr>

- Initiale. Catalogue des manuscrits enluminés (Institut de Recherche et d'Histoire des Textes):

<http://initiale.irht.cnrs.fr/accueil/index.php>

6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN ACADAR

- Introducir no estudo das manifestacións artísticas medievais, con especial atención ao trasfondo da súa elaboración material e recepción polo estudos contemporáneo. Proporcionaranse as claves para a comprensión das distintas realidades artísticas e incidirase naquelas que se manifestan como un fenómeno europeo común.
- Reforzamento dunha formación teórica sobre a análise da Historia da Arte e a súa plasmación escrita.
- Coñecer a tipoloxía e casuística das fontes textuais que permiten un coñecemento máis profundo da obra de arte no seu contexto histórico e cronolóxico.
- Aprender a utilizar as fontes desde a análise crítica e a interdisciplinariedade.
- Formar ao alumno para un adecuado tratamiento das fontes, a súa inserción no contexto histórico-artístico, para o seu emprego no estudo e investigación das obras de arte medievais.
- Coñecer os diversos métodos para o estudo da Historia da Arte medieval.
- Adquisición dunha praxe elemental e efectiva ante os problemas que poidan xurdir no proceso investigador.
- Adquirir un coñecemento das liñas de investigación e as propostas máis relevantes no ámbito da Historia da Arte.
- Impulsar ao alumno ao contacto con outras disciplinas, cuxo obxecto de estudio é, en ocasións, común á Historia da arte (paleografía, codicoloxía, epigrafía, numismática, literatura, etc.).

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaranse a traballo dirixido polos profesores e as outras 75 horas (50%) a traballo libre por parte dos alumnos. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 48 de actividades formativas presenciais (o que supón o 32% do traballo total) e 27 de actividades dirixidas non presenciais (o que supón o 18% do traballo total).

A) Metodoloxía da ensinanza contemplada para o "Escenario 1: Normalidade" definido pola USC:

As actividades formativas presenciais que se realizarán son as seguintes:

1) Clases expositivas teóricas dedicadas á explicación e comprensión dos contidos obxecto de estudo. Esas clases serán impartidas polo profesor, pero nalgún caso solicitarase para as exposicións a colaboración dalgún alumno ou grupo de alumnos. Para as explicacións utilizaranse os recursos tecnolóxicos de apoio (audiovisuais e informáticos) oportunos.

2) Clases prácticas interactivas dedicadas á lectura de bibliografía e á análise de obras de arte medieval que sirvan de modelo dos contidos teóricos estudiados, e clases prácticas dedicadas ao traballo cos instrumentos necesarios para a actividade académica e investigadora no ámbito dos estudos de arquitectura e iconografía medievais. Estas clases interactivas estarán dirixidas polo profesor, pero buscarán a participación activa do alumno, tanto no desenvolvemento e resolución de exercicios realizados colectivamente no aula, como na preparación persoal fose do aula dalgún exercicio, para a posterior posta en común no aula. Tamén para as clases prácticas usaranse os recursos tecnolóxicos que poidan ser útiles.

3) Visita a obras de arte, arquivos e bibliotecas especializadas.

4) Clases prácticas dedicadas á presentación, análise e discusión dun pequeno traballo realizado individualmente ou en grupo.

5) Titorías individuais ou en grupo reducido para o seguimento do proceso de aprendizaxe e para o seguimento, no seu momento, da elaboración do traballo.

As actividades formativas non presenciais incluirán:

1) Principalmente o traballo autónomo do alumno, que este organiza persoal e libremente para a correcta aprendizaxe dos coñecementos e competencias obxectivo da materia. Ese traballo necesariamente debe incluír síntese, estudo e asimilación da información recibida, lecturas complementarias e procura de nova información, elaboración de conclusións, etc.

2) Preparación dalgunha exposición teórica ou dalgún exercicio práctico encomendados polo profesor, e lectura dalgún título bibliográfico recomendado.

3) Elaboración e redacción dun pequeno traballo de aplicación práctica de aspectos tratados na materia.

B] No caso de ser implementado o “Escenario 2: distanciamento” definido pola USC:
Combinarase a docencia presencial coa virtual.

1) A docencia expositiva será impartida maioritariamente de xeito virtual, a partires do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico institucional, ferramenta TEAMS para conexión síncrona, etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunas clases a través da ferramenta para video-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.

2) A docencia práctica interactiva será impartida maioritariamente de xeito presencial. Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudio, de resolución de dúbidas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas, tendo como marco de desenvolvemento a presencialidade na aula. Estas clases prácticas interactivas de carácter presencial constituirán un mecanismo de auto-avaliación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

C] No caso de ser implementado o “Escenario 3: peche das instalacións” pola USC:
Só se poderá desenvolver a docencia de xeito virtual.

1) A docencia expositiva será impartida exclusivamente de xeito virtual, a partires do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico institucional, ferramenta TEAMS para conexión síncrona, etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunas clases a través da ferramenta para video-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.

2) A docencia interactiva será impartida tamén exclusivamente de xeito virtual. Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudio, de resolución de dúbidas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas. Neste caso terán como marco de desenvolvemento as plataformas e ferramentas virtuais como TEAMS, o “foro” e outras aplicación e ferramentas de intercomunicación da aula virtual da materia, así coma o propio correo electrónico institucional. Estas clases interactivas constituirán un mecanismo de auto-avaliación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

A] Sistema de avaliação da aprendizaxe contemplada para o "Escenario 1: Normalidade" definido pola USC:

- Para avaliar os resultados da aprendizaxe utilizaranse os métodos e criterios que a continuación se detallan (válidos tanto para a primeira como para a segunda oportunidade), e as cualificacións correspondentes indicaranse de acordo coa lexislación vixente:

1) Avaliación continua, para a que se valorará a participación activa e continuada do alumno nas actividades presenciais desenvolvidas. Suporá o 30% da cualificación total. Atestiguarase mediante a sinatura diaria do alumnado. Cando se produza una ausencia, esta deberá ser xustificada polo/a alumno/a, podendo faltar ata un máximo de 3 horas. Quen tivera que faltar a clase, como compensación deberá realizar unha breve achega de carácter esquemático sobre os contidos desenvoltos na clase (aproximadamente 1 páxina por hora de ausencia, letra Times New Roman 12, formato interlineado con espazo simple) a partires da bibliografía recomendada, co propósito de asegurar así o seguimento pleno da materia.

2) O traballo práctico suporá o 70% restante da cualificación total. Valorarase a calidad da redacción e do contido, que deberán reflectir o dominio dos principais rudimentos metodolóxicos e o coñecemento dos contidos básicos da materia. A data de entrega límite deste traballo será a fixada no calendario unificado correspondente ao presente curso 2021-2022: 14 de xaneiro de 2022 para a primeira oportunidade, e 15 de xuño de 2022 para a segunda oportunidade. O sistema de cualificacións empregado para valorar a aprendizaxe dos estudiantes expresarase mediante cualificacións numéricas, segundo o establecido no RD 1125/2003 de 5 de setembro.

DISPENSA: O alumnado ao que lle sexa concedida dispensa de asistencia a clase (segundo a Instrucción N° 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias), se avaliará cunha proba final específica que suporá o 100% da cualificación.

- O alumnado que tivera que repetir esta materia por non habela superado nun curso anterior estará sometido aos mesmos criterios de avaliação que no caso ordinario, se ben estará exento de asistir ás clases en caso de que houbera xa superado esa avaliação continua no curso pasado correspondente, debendo só aportar entón o traballo práctico conforme ás características e datas de entrega fixadas no apartado 2 do sistema ordinario. Á súa vez, se ten superado xa o traballo práctico, únicamente deberá superar entón nesta convocatoria a avaliação continua mediante a súa asistencia e participación activa nas clases presenciais.

* En todas estas tarefas que haberá de realizar en entregar o alumnado para a súa avaliação por parte do profesorado, e seguindo as indicacións normativas da USC referidas ao plaxio e ao uso indebiduo das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliação do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións.

B] No caso de ser implementado o “Escenario 2: distanciamento” definido pola USC:

Manterase o desenvolvemento dunha avaliação continua integrada por dous elementos complementarios:

1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliação de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestión diversas a partires dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático haberán de ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliação (como sistema de seguimento da aprendizaxe). Estas tarefas, que haberán de ter unha especial relevancia na súa realización e posta en común durante as clases interactivas, alternarán

a realización individual coa grupal por parte do alumnado. E tamén se incluirá a posta en común e presentación oral dalgunhas destas tarefas durante estas clases interactivas presenciais.

2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo desta materia. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica, e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo electrónico no prazo fixado, o profesorado revisará e corrixirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

DISPENSA: O alumnado ao que lle sexa concedida dispensa de asistencia a clase (segundo a Instrucción N° 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias), se avaliará cunha proba final específica que suporá o 100% da cualificación.

* En todas estas tarefas que haberá de realizar en entregar o alumnado para a súa avaliación por parte do profesorado, e seguindo as indicacións normativas da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións..

C] No caso de ser implementado o “Escenario 3: peche das instalacións” pola USC:

Manterase o desenvolvemento dunha avaliación continua:

1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliación de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestión diversas a partires dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático haberán de ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliación (como sistema de seguimento da aprendizaxe) por medio do correo electrónico ou dos instrumentos e ferramentas que para tal finalidade están contidos na aula virtual. Estas tarefas, que haberán de ter unha especial relevancia na súa realización e posta en común durante as clases interactivas que se poidan desenvolver on-line, poderán alternar a realización individual coa grupal por parte do alumnado.

2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo desta materia. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica (con especial atención ás referencias bibliográficas dispoñibles on-line), e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo electrónico no prazo fixado, o profesorado revisará e corrixirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

DISPENSA: O alumnado ao que lle sexa concedida dispensa de asistencia a clase (segundo a Instrucción N° 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias), se avaliará cunha proba final específica que suporá o 100% da cualificación.

* En todas estas tarefas que haberá de realizar en entregar o alumnado para a súa avaliación por parte do profesorado, e seguindo as indicacións normativas da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións.

9. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

A distribución de todas as actividades en horas de traballo do alumno segundo o profesor recóllese no seguinte cadro:

HORAS: Horas presenciais (a) / Horas non presenciais dirixidas (b) / Horas non presenciais libres (c) / TOTAL (T)

PROF. DAVID CHAO CASTRO (6 créditos):

	Horas presenciais	Horas non presenciais dirixidas	Horas non presenciais libres	TOTAL
Clases teóricas	19	5	30	54
Clases prácticas	19	5	30	54
Traballo-debate	4	20	15	19
Titorías individuais ou en grupo reducido	3	-	-	3
TOTAL	45	30	75	150

ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

SETEMBRO DE 2021

DÍA	ACTIVIDADE / TIPO DE CLASE	PROFESOR/A
6	Presentación Tema 1. O cristianismo e as súas primeiras manifestacións artísticas. Das catacumbas ás basílicas. A fixación da iconografía cristiana (CE).	David Chao Castro
7	Clase 1. Os sarcófagos paleocristiáns: identificacións iconográficas e temáticas (CI). Clase 2. Os mosaicos de Santa María a Maior de Roma (CI).	David Chao Castro
8	Tema 2. O Imperio Bizantino. Evolución arquitectónica. A Iconoclastia e a súa consecuencia nas artes figurativas (CE).	David Chao Castro
13	Clase 3. As grandes obras de Xustiniano: o promotor e a súa época (CI).	David Chao Castro
14	Tema 3. As invasións bárbaras. Asentamento dos principais pobos godos –ostrogodos e visigodos- na Europa Occidental. Os merovinxios e os lombardos. Principais manifestacións da arquitectura e artes figurativas na Europa dos séculos V a IX (CE).	David Chao Castro
15	Clase 4. Análise arquitectónica de San Pedro de Rocas e San Miguel de Celanova (CI).	David Chao Castro
20	Clase 5. Iconografía e ornamentación na arte atlántica altomedieval (CI).	David Chao Castro
21	Tema 4. O Islam e a expansión musulmana na Idade Media. Principais tipoloxías edilicias e recursos ornamentais. A arte en Al-Andalus (CE).	David Chao Castro
22	Tema 5. A arte cristiá na Península Ibérica entre os séculos VIII e X: do período asturiano á arte do Século X (CE).	David Chao Castro

27	Clase 6. As miniaturas dos beatos do século X (CI).	David Chao Castro
28	Tema 6. Europa nos séculos XI e XII: a plenitude do Románico. Solucións arquitectónicas e materializáñons edilicias. Mosteiros, igrexas e castelos (CE).	David Chao Castro
29	Clase 7. De Saint-Gall a Cluny III (CI).	David Chao Castro

OUTUBRO DE 2021

DÍA	ACTIVIDADE / TIPO DE CLASE	PROFESOR/A
4	Tema 7. Desenvolvemento das artes figurativas no Románico. Temas iconográficos na escultura e na pintura. A orfebrería e a miniatura (CE).	David Chao Castro
5	Clase 8. As grandes portadas do románico europeo (CI).	David Chao Castro
6	Clase 9. O panteón rexio de San Isidoro de León. (CI)	David Chao Castro
11	Tema 8. Europa nos séculos XIII-XV: os tempos do Gótico. Os avances técnicos na arquitectura. As catedrais, os conventos, os pazos urbanos e os edificios civís. O urbanismo (CE).	David Chao Castro
13	Clase 10. Dos mosteiros do Císter aos conventos mendicantes (CI).	David Chao Castro
18	Tema 9. As artes figurativas no Gótico. Novos plantexamentos temáticos e compositivos. Evolución pictórica e escultórica. As artes decorativas (CE).	David Chao Castro
19	Clase 11. Giotto (CI).	David Chao Castro
20	Clase 12. O góticu hispano do século XV (CI).	David Chao Castro
25	Tema 10. A xestión do patrimonio medieval. Visións e retos.	David Chao Castro

MATERIAIS DE APOIO

Algúns dos materiais de apoio xa están especificados no apartado de Contidos, así coma na Bibliografía. Outros materiais, sobre todo de tipo documental, serán aportados coma complemento analítico das clases expositivas e interactivas: a súa elección será acorde co nivel de coñecemento xeral e interese particular amosado polo alumnado no seu conxunto.

RELACIÓN DE TRABALLOS PROPOSTOS

Proporase ao alumnado a realización dun traballo no que, a partires da lectura dunha pasaxe literaria ou documental, poida levar a cabo un estudo crítico acerca dunha tipoloxía ou conxunto artístico medieval. Neste traballo o alumnado deberá amosar os coñecementos adquiridos no estudo xeral da arte medieval na súa evolución, así coma no referido á metodoloxía, fontes e patrimonio artístico medievais.

**Recomendacións para a realización do
Traballo monográfico individual**

En función do tema da súa elección, cada estudiante traballará baixo a tutela dun dos profesores da materia, e dispoñerá de prazo ata o día que aparece fixado na guía docente para entregar a versión definitiva do traballo escrito, que deberá aternerse ás seguintes pautas:

- Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo que ten que combinar as observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema.
- Resulta fundamental a observación atenta dos materiais obxecto de estudio.
- Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferible recoller as ideas principais e remitir ás obras en cuestión para completar a información.
- Extensión máxima: quince folios, en letra de corpo 12, con interlineado de 1,5 liñas (agás para as notas a rodapé, que irán en corpo 10).
- Bibliografía: ó final do traballo, seguindo un dos seguintes modelos:
 - a) Apellido, N. (ano), *título*, lugar: editorial. // Apellido, N. (ano), “*título*”, *revista*, vol., pp. // Apellido, N. (ano), “*título*”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.
 - b) Apellido, N., *título*, lugar: editorial, ano // Apellido, N., “*título*”, *revista*, vol., ano, pp. // Apellido, N., “*título*”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.
- Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas a rodapé: abreviadas:
 - a) Apellido, ano: pp.; b) Apellido, *tít. abrev.*, pp.
- Coidarse de xeito especial a redacción e a puntuación.
- Non pode faltar un índice ó principio do traballo, nin unha breve introdución que explique os obxectivos que persegue.